



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE MOVIMIENTO POR LA PAZ, EL DESARME Y LA LIBERTAD, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS QUE FINALIZAN O ITINERARIO DENTRO DO SISTEMA DE ACOLLIDA DE PERSOAS SOLICITANTES E BENEFICIARIAS DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL NOS CONCELLOS DE TEO E SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EXERCICIO 2021

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte:

D^a Susana Fernández Díaz, que actúa en representación do **Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad**, NIF G28838001, con enderezo na Rúa Lisboa, 2, local, 15707 Santiago de Compostela, NIF G28838001, na súa condición de Delegada en Galicia, segundo o artigo 2.1^o da escritura de apoderamento outorgada en Madrid o cinco de decembro de 2018.

As partes, no nome e representación co que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.





SEGUNDO:

1. O Goberno estatal ten a obriga derivada da Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria, de proporcionarlle ás persoas solicitantes de protección internacional cando carezan de recursos económicos, os servizos sociais e de acollida necesarios para asegurar a satisfacción das súas necesidades básicas en condicións de dignidade.

En cumprimento de dita obriga, o Goberno, a través do Real Decreto 1114/2020, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións a determinadas entidades para o financiamento do Sistema Nacional de Acollida e Integración de Persoas Solicitantes e Beneficiarias de Protección Internacional, desenvolveu un Sistema de Acollida e Integración para solicitantes e Beneficiarios de Protección Internacional (SAISAR), que conta cunha rede nacional de dispositivos de acollida e proxectos e actuacións complementarias.

2. Que no marco do Sistema Nacional de Acollida e Integración, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, a través do dito Real Decreto 1114/2020, do 15 de decembro, regula a concesión directa de subvencións a determinadas entidades para o financiamento do Sistema Nacional de Acollida e Integración de Persoas Solicitantes e Beneficiarias de Protección Internacional.

O Real Decreto no Anexo II, define distintas fases que ordenan a intervención cos solicitantes de protección internacional. As fases están desenvolvidas en actuacións a financiar segundo ámbitos prioritarios, desde atención sociosanitaria ata desenvolvemento de itinerarios de inserción laboral., todos recollidos no citado Real Decreto.

TERCEIRO: A declaración do estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, contemplaba unha serie de medidas dirixidas a protexer a saúde e seguridade da cidadanía e a reforzar o sistema de saúde pública, e que levaron aparellada unha situación de confinamento e cese da actividade económica que afectou de xeito significativo ás situacións de vulnerabilidade xa existentes.

A existencia dun número moi considerable de persoas beneficiarias do Programa de Acollida de Protección Internacional e que quedan en situación de irregularidade sobrevida, constitúe unha situación de emerxencia que debe ser abordada polas entidades sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTO:

1. Que a entidade, *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad* é unha entidade independente, laica e progresista nacida en 1983, que ten como obxectivos a defensa e o acceso aos Dereitos Humanos, aos dereitos das mulleres, persoas migrantes e refuxiados, inscrita no Rexistro Nacional de asociacións co número: 49642 e inscrita no Rexistro de Entidades Pres-tadoras de Servizos Sociais co número: E-6921.

Esta entidade dispón de 40 prazas de acollida en primeira fase nos concellos de Teo e Santiago de Compostela.





2. A entidade, *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad*, iniciou en xullo de 2017 a súa participación no Sistema de Protección Internacional e vén traballando de maneira ininterrompida desde entón. Isto permitiu á organización e perfeccionar o nivel de coñecemento e especialización na área de protección internacional, con profesionais especializados na intervención con poboación refuxiada e/ou solicitante de protección internacional. En Galicia a entidade, *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad*, comezou a implementar o proxecto en 2019, coa asesoría técnica e o acompañamento da sede central.

A entidade leva a cabo uns métodos de traballo e experiencia coas persoas solicitantes e beneficiarias de Protección Internacional que lles confire unha especialización nesta materia, de xeito que poden atender coa urxencia que requiren as situacións que se están a dar nestas persoas e que non se poden demorar por motivos de carácter humanitario, entre outros.

3. Que a entidade citada, ten previsto desenvolver programas de transición á autonomía das persoas que finalizan o itinerario dentro do sistema de acollida de solicitantes e beneficiarios/as de protección internacional nos concellos de Teo e Santiago de Compostela.

QUINTO:

1. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta as competencias exclusivas en materia de asistencia social, e de integración e exclusión de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Así mesmo, a Consellería de Política Social, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de asistencia social, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia, así como o resto de comunidades autónomas, desenvolve políticas orientadas á integración social das persoas inmigrantes, poñendo á súa disposición os mesmos servizos aos que ten dereito calquera persoa galega e máis concretamente a Dirección xeral de Inclusión Social participa neste proceso de acollida e integración de persoas solicitantes de protección internacional.

3. Na actualidade existen na nosa Comunidade máis de 1.000 persoas solicitantes de asilo que participan do programa de Acollida a Persoas solicitantes ou beneficiarias de protección internacional do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade social, repartidas entre as catro provincias galegas.

SEXTO:

1. Que, no exercicio das súas competencias, a Consellería de Política Social considera de interese apoiar a iniciativa descrita a través da subscripción dun convenio coa entidade *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad* segundo o disposto no artigo 19, 4 c) e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e os artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante o financiamento do dito programa. Esta normativa vixente permite a concesión directa sempre que concorran razóns de interese público, social económico ou humanitario. Dado o carácter urxente da situación, é necesario adecuar á vía máis adecuada para reforzar o sistema, de xeito





que permita dar continuidade e atender ás persoas que soliciten protección internacional e se atopen en risco grave de exclusión social.

2. O financiamento deste programa permitirá axilizar a asignación de recursos de emerxencia a persoas que quedan en situación de vulnerabilidade e non dilatar máis este proceso polos graves prexuízos que podería ocasionar, de acordo co cal, a Consellería de Política Social considera que a colaboración cumpre, indubidablemente, unha función de interese social, en consonancia co establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior.

3. A concesión directa desta subvención a través da formalización dun convenio de colaboración singular reside na circunstancia de que non existe na comunidade autónoma outra entidade que leve a cabo dentro dos concellos de Teo e Santiago de Compostela, onde dispón de 40 prazas de acollida en primeira fase, itinerarios personalizados de integración con cada unha das familias e/ou persoas solicitantes de protección, cunha intervención coordinada entre o grupo de profesionais que establece o sistema de protección para atender ás necesidades específicas das persoas acollidas, nomeadamente no tocante ao acceso á atención médica, escolarización de menores, asistencia xurídica, busca e seguemento de vivenda e proceso de formación e busca de emprego.

4. Con cada unha das Administracións locais das zonas onde se ubican os dispositivos de acollida existe unha comunicación a nivel dos responsables das Concellerías de Servizos Sociais e tamén a nivel de intervención técnica, coas xefas de servizo de Servizos Sociais e as funcionarias encargadas da atención directa.

5. A subscrición deste convenio contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto e contido

1. É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e a entidade *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad* para darlle unha continuidade completa aos itinerarios individualizados que xa viñan desenvolvendo as persoas acollidas nos concellos de Teo e Santiago de Compostela, aproveitando o coñecemento e a confianza mutua establecida na relación co equipo de intervención e as sinerxias xa creadas coas administracións públicas, co fin de mellorar a eficiencia da intervención e preservar a intimidade das





persoas solicitantes de protección, moitas das cales foron vítimas de importantes situacións de violación dos dereitos humanos,

2. O programa consiste en que as persoas beneficiarias do presente proxecto son persoas que rematan o seu paso polo programa de protección internacional do Ministerio de Inclusión, ben porque o prazo dos 18 meses rematou ou porque a súa solicitude foi denegada, quedando así en situación de irregularidade administrativa sobrevida.

3. A proposta de intervención da entidade *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad* para a transición entre a estancia no noso programa de protección e a cobertura por parte dos servizos sociais é a seguinte:

a. Área de intervención social.

- Elaboración de informe do traballador social e reunión para a derivación de cada caso individual á traballadora social de referencia.
- Acompañamento na xestión das axudas municipais e/ou autonómicas que lles correspondan.
- Continuidade no acompañamento médico de persoas que carezan de autonomía, en particular por pouco coñecemento do idioma.
- Continuidade no acompañamento educativo de menores, en particular apoio aos proxenitores que teñen pouco coñecemento do idioma.

b. Area de vivenda.

- Busca de vivenda no caso de carecer dela, nos concellos nos que están empadroados.
- Realización de intermediación coa propiedade para a comprensión nos casos de que poidan ocorrer retrasos nos pagos.
- Acompañamento a través de obradoiros de economía doméstica, en particular, de aforro enerxético. Xestión de bonos aforro.

c. Área de emprego.

- Orientación na readaptación da busca de emprego das persoas que estaban en situación regular na transición á situación irregular.
- Derivación a recursos gratuitos de formación, tanto da Organización non gubernamental, Movemento pola Paz, como doutras formacións existentes na cidade.





d. Área de muller.

- A entidade *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad* conta cun punto de información á muller, onde reciben atención especializada en cuestión xurídicas, de Dereito de Familia, violencia de xénero, grupo de mulleres e intervencións en materia formativa e laboral orientadas exclusivamente a mulleres. As mulleres que rematen o programa de protección internacional serán derivadas a este recurso da entidade *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad*

SEGUNDA. Obrigas da entidade

1.A entidade *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad* asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura do presente convenio:

- a) Realizar as accións do programa obxecto da concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización do programa así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula cuarta deste convenio.
- c) Cumprir os requisitos e non se atopar incursas en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do programa extraordinario de transición á autonomía das persoas que finalizan o itinerario dentro do sistema de acollida de solicitantes e persoas beneficiarias de protección internacional na comunidade de Galicia e que se atopan en situación de irregularidade sobrevida.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, requirida pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, órgano xestor da concesión da subvención a través do convenio e do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais dependente da Secretaría Xeral Técnica de Política Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

g) Informar á Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, do funcionamento do programa extraordinario de transición á autonomía das persoas que finali-





zan o itinerario dentro do sistema de acollida de solicitantes e persoas beneficiarias de protección internacional na comunidade de Galicia e que se atopan en situación de irregularidade sobrevida, no marco da concesión da subvención.

h) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.

i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto do programa subvencionado a través deste convenio. En particular, a entidade, comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.

k) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

l) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

2. . Como beneficiaria da subvención, ao abeiro deste convenio, a entidade *Movimiento por la Paz, el desarme y la libertad*, obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

TERCEIRA. Orzamento e gastos subvencionables

1. Para a realización do programa extraordinario de transición á autonomía das persoas que finalizan o itinerario dentro do sistema de acollida de solicitantes e persoas beneficiarias de protección internacional nos concellos de Teo e Santiago de Compostela na comunidade autónoma de Galicia e que se atopan en situación de irregularidade sobrevida, a Consellería de Política Social contribuirá cunha achega económica de:

-Trece mil cincuenta e nove euros (13.059,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.312A.481.3 correspondente ao exercicio orzamentario 2021, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias, coa seguinte desagregación:

Gastos de persoal (2 persoas durante 3 meses): 7.704,00€ (3.852,00 € cada un)

Axudas económicas para aluguer e servizos a 5 familias 5.355,00 €

Total: 13.059,00€





A contía da subvención concedida poderá ampliarse en función da súa evolución, para o cal se instrumentaría, no seu caso, a correspondente addenda, de acordo cos procedementos legalmente establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa realizado entre o 1 de xullo de 2021 e o 31 de decembro de 2021, que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período subvencionable excede do prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

3. Poderanse subvencionar con cargo a este convenio os seguintes gastos:

- a) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades. Serán imputables as retribucións totais correspondente, incluída a cotización á Seguridade Social e o Imposto da Renda das Persoas Físicas, así como axudas de custo.
- b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade como: alugueiro, subministración de auga e saneamento, gas, carburante, luz, telefonía, formación e outros de similar natureza.
- c) Gastos de auditoría necesarios para a xustificación do convenio.

Todos estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

4. Non se poderán financiar os gastos de investimento, tales como merca de vehículos, de mobiliario, e outros de natureza similar.

5. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

CUARTA. Forma de xustificación





1. Respecto á forma de xustificación estarase ao disposto na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2021, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

A xustificación da realización das actuacións obxecto do programa realizarase a través de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada, por cada libramento parcial.

2. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que a totalidade dos gastos obxecto do programa deberán terse realizado antes do 31 de decembro de 2021.

Non obstante, a Consellería de Política Social poderá esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de peche do exercicio 2021.

QUINTA. Pagamento

1. O pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais, a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida a medida en que as entidades que subscriben o convenio, xustifiquen os gastos realizados mediante a presentación dunha conta xustificativa que incorpore:

a) unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterà:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de selo caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue ~~en~~ atendendo a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

2. Para estes libramentos parciais a entidade quedará exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4 deste Decreto.





SEXTA. Obtención doutras axudas

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, destinado ao programa extraordinario, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas no presente convenio.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do programa: Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa.

SÉTIMA. Comisión de seguimento

1. Para garantir a correcta execución e seguimento do convenio, créase unha comisión de seguimento a que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros: dúas persoas da Dirección Xeral de Inclusión Social en representación da Consellería de Política Social, nomeadas pola persoa titular da Consellería, a proposta da persoa titular da Dirección xeral de Inclusión Social, así como as súas suplentes. A presidencia da comisión-corresponderalle a unha das dúas persoas que representan a Consellería de Política Social
3. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle a quen designe a persoa titular da presidencia da comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de inclusión social:
4. Esta comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos polo establecido neste convenio e pola normativa vixente en materia de órganos colexiado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na sección 3º do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA. Inexistencia de relación laboral

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderá a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións subvencionadas a través deste convenio





NOVENA. Duración

A vixencia do presente convenio estenderase desde a sinatura do mesmo ata o día 31 de decembro do ano 2021, estendendo os seus efectos aos gastos xerados polo programa extraordinario desde o 1 de xullo de 2021.

DÉCIMA. Causas de resolución e reintegro

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora, un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable da comisión de seguimento do convenio.

Se transcorrido o o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento a parte que o dirixiu notificará á outra parte a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.

- d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
- e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
- f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

2. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. 5. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

DÉCIMO PRIMEIRA. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE,





do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro; pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. Transparencia e publicidade

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.





3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións .

4. Como beneficiaria da subvención, ao abeiro deste convenio, a entidade, *Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad*, obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

DÉCIMO CUARTA. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención, a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos no procedemento de concesión da subvención baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativo a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados ao órgano responsable da Base de Datos Nacional de Subvencións, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa finalidade da promoción da transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social

galicia

5. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano e rubricano en formato dixital.

A conselleira de Política Social

A delegada en Galicia do Movemento
pola Paz, o Desarme e a Liberdade

Fabiola García Martínez

Susana Fernández Díaz

